



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

O PROTOCOLO POSTO EN PRACTICA

Onte Martes as temperaturas seguiron marcando a actividade dos nosos Delegados/as, particularmente, os da quenda de tarde-noite por defender a aplicación dos Protocolos en materia de Estres Térmico.

Tanto os nosos medidores como os propios do Servizo de Prevención, voltaron a sinalarnos cifras similares, incluso, décimas superiores o luns, casos como:

- **Masillas:**
- . As 16´18 h. no primeiro tramo.....32,7°
- . As 16´34 h. no segundo tramo.....33´5°
- . As 16,40 h. no " " (posto elevado de teitos)....34°
- **Lixado 01** que acadou os35°
- **Montaxe M.1 en 2ª Terminación e RVCV** superaron en 0´5° a media do día anterior.
- **Ferraxe 01** na zona de UNIT AVAN as 20´45h. mantiña33´4°
- **Ferraxe E**, en habillaxe as 19 h, tiñan 32´2°.

Témolo manifestado, a Saúde no Traballo é para a C.I.G. unha materia prioritaria. Tratar de que a nosa vida laboral remate nas mellores condicións posibles, é unha labor que non pode ter paréntese. Por iso, e apesares de estar as portas das vacacións -todos estamos presos da ansiedade por disfrutalas-, isto non pode ser aproveitado como sempre fixeron as Direccións para non activar as medidas de protocolo establecidas.

E dicimos sempre fixeron, pois por primeira vez na historia desta fábrica, no día de onte de forma xenérica activouse dito protocolo, establecendo descansos na maioría das liñas da fábrica. É certo que quedan zonas xeográficas de Ferraxe que esperamos que no día de hoxe, de manterse estes niveis de temperatura, non queden sen aplicarles as mesmas medidas.

Nesta petición incluimos a aqueles traballadores/as de Contratas, que estando moitos deles/as sometidos ós mesmos riscos ambientais, a maioría non lles proporcionan nin descansos nin auga.

Se ben hai monitores da Planta que pola proximidade, non fan distinción de uniforme facilitando auga nalgúns casos, consideramos necesario esixir os responsables destas empresas que asuman o deber de cumprir con tódolos protocolos en materia de Seguridade e Saúde. O Estres Térmico é un deles.

Vigo 28 de Xullo de 2010

Confederación Intersindical Galega